

XIV PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



CONVOCATORIA 2026-2027

PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

XIV edición - 2026-2027

Convoca: Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Colabora: Museo do Pobo Galego

Patrocina: Xunta de Galicia

Proxecto didáctico Antonio Fraguas Fraguas

Obxectivos

O labor docente e científico de don Antonio Fraguas Fraguas, exercido durante décadas e a través de varias xeracións, constitúe unha referencia para a cultura galega. Seguindo na liña por el trazada, a Fundación que leva o seu nome pretende alentar entre a comunidade escolar un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento da lingua e do medio e á valorización dos máis diversos elementos do noso acervo cultural.

Con este fin, a Fundación Antonio Fraguas Fraguas convoca a décimo cuarta edición do proxecto didáctico encamiñado á realización de pescudas sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico nos centros escolares de Galicia.

Destinatarios

Poderán participar os centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que impartan ensinanzas de educación primaria, ESO, bacharelato, formación profesional e educación especial.

Modalidades

Establécense dúas modalidades: ensino primario e ensino secundario. En cada unha delas elixirase un proxecto, que se deberá desenvolver durante o seguinte curso escolar. De non haber candidaturas nalgunha das modalidades, ou de considerar o xurado que non reúnen a calidade esixible, poderá declararse deserta. Neste caso o xurado poderá outorgar un premio máis na outra modalidade.

O ámbito temático abranguerá un ou varios destes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia ou arte da contorna inmediata do centro. Un capítulo ou alínea do traballo dedicarse a abordar algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) relacionado co tema proposto.

Valoraranse as accións que fomenten a educación en igualdade e/ou o coñecemento do patrimonio material e inmaterial relacionado cos camiños de Santiago. Tamén se valorará a orixinalidade e a diversificación temática a respecto dos proxectos premiados nas edicións anteriores.

Así mesmo, considérase mérito a participación da comunidade escolar no seu conxunto (alumnado, profesorado, persoal non docente, familias) e a implicación da poboación.

Dotación

O proxecto está dotado con 7.000,00 € para cada modalidade. No momento da concesión do premio entregaranse 4.000,00 € en metálico, que deberán ser destinados integramente á realización do proxecto. Pode incluír a adquisición de material escolar ou o equipamento destinado ao seu desenvolvemento. A dotación do premio investirase na súa totalidade na elaboración dos materiais que reflectan o traballo realizado, presentados en lingua galega e no formato axeitado para a súa exposición. En proxectos realizados por varios centros, un será designado como coordinador, recibirá a totalidade do pago e será o responsable do cumprimento do proxecto, da realización da exposición, do reparto entre os centros e da xustificación do gasto diante da Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

Para a execución final e musealización, a Fundación atenderá os pagamentos, logo da xustificación correspondente, ata un máximo de 3.000,00 € reembolsables aos centros no exercicio 2027.

Xurado

O xurado estará composto pola presidenta da Fundación Antonio Fraguas Fraguas (ou persoa en quen delegue), catro membros designados pola Secretaría Xeral da Lingua, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o Museo do Pobo Galego e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas, respectivamente. Actuará como secretario, con voz e sen voto, o da Fundación.

Documentación

Para optar ao premio presentárase a documentación **cunha copia en papel e cunha memoria USB** que conteña en formato PDF a memoria descritiva do proxecto que se pretende realizar, e os datos da persoa de contacto (cun correo electrónico para comunicacións). Estará redactada en lingua galega e fará constar a súa natureza, ámbito, obxectivos, cronograma e orzamento; indicará, ademais, o colectivo implicado na súa realización.

Calendario

As candidaturas remitiránse por correo certificado á Fundación Antonio Fraguas Fraguas, San Domingos de Bonaval, nº 3, 15703 Santiago de Compostela, ata o **25 de maio de 2026**.

O xurado emitirá o seu ditame na segunda quincena do mes de xuño. A resolución farase pública a través dos medios de información e comunicáraselles directamente aos centros interesados, que serán convocados para lles facer entrega da primeira parte do premio no decurso dun acto público.

O traballo iniciárase co ano académico e deberá estar finalizado e presentado para a fin do curso 2026-2027. No derradeiro trimestre de 2027 organizarase a exposición dos seus resultados, quer no Museo do Pobo Galego, quer nunha institución axeitada dunha cidade ou vila de Galicia, que determinará a Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

Desenvolvemento

O desenvolvemento dos traballos farase en coordinación co Museo do Pobo Galego.

Unha vez rematado o traballo, os centros gañadores deberanlle entregar á Fundación Antonio Fraguas Fraguas unha memoria final en soporte dixital. Esta memoria, redactada en galego, incluírá desde a metodoloxía utilizada para traballar, tanto desde o punto de vista pedagóxico como da propia investigación desenvolvida, ata as conclusións.

A Fundación reserva para si o dereito de publicar os traballos premiados durante os dous anos posteriores á súa entrega. A partir dos dous anos, os traballos son da propiedade exclusiva dos centros que os desenvolveron.

Calquera publicación realizada a partir deles deberá ser comunicada previamente á Fundación, e terá a obriga de facer constar que foron premiados no Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas da Fundación Antonio Fraguas Fraguas e recoller o logo desta nun lugar visible.

En calquera montaxe das exposicións dos centros galardoados deberá indicarse, tanto na información (impresa, audiovisual ou en redes sociais) como nos créditos, que se deseñou no desenvolvemento do traballo premiado na edición correspondente do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas figurará en todo caso como entidade patrocinadora.

TRABALLOS PREMIADOS NAS ANTERIORES EDICIÓNS

1.ª convocatoria:

- *O Mar*, CEIP de Xuño (Porto do Son)
- *Obradoiro "Antonio Fraguas" de Cultura popular, Historia local e Medio ambiente*, CPI Alfonso VII (Caldas de Reis).

2.ª convocatoria:

- *Os Hórreos do Concello de Ribeira de Piquín*, CEIP Aníbal Otero (Ribeira de Piquín)
- *Muíños de Auga no Concello de Foz*, IES de Foz (Foz).

3.ª convocatoria:

- *A toponimia do Val Miñor*, CEP A Cruz de Camos (Nigrán)
- *O Patrimonio das Pesqueiras do Miño*, IES Pedra da Auga (Pontearas) e IES Pazo da Mercé (As Neves).

4.ª convocatoria:

- *Educaldea*, CEP Xosé María Brea Segade (Rianxo)
- *O Patrimonio, un recurso endógeno ameazado e esquecido*, IES de Pontecaldelas (Pontecaldelas)

5.ª convocatoria:

- *As embarcacións tradicionais da comarca de Ferrol*, IES Concepción Arenal (Ferrol)
- *As fábricas da luz de Rechinol, Portodís e Portochao como exemplo de descoñecemento do noso patrimonio cultural*, IES de Melide (Melide)

6.ª convocatoria:

- *As adiviñas na fala viva*, CEIP A Cristina (Carballo)
- *Ceibes no monte*, IES Terra de Turonio (Gondomar)

7.ª convocatoria:

- *A imaxinación no peto*, CEIP de Gándara-Sofán (Carballo)
- *A evolución da agricultura e a súa incidencia no patrimonio inmaterial do Concello de Trazo*, CPI Viaño Pequeno (Trazo)

8.ª convocatoria:

- *Fortes da Guerra de Restauración en Vila Nova da Cerveira e Tomiño, patrimonio inmaterial*, CEIP Pintor Antonio Fernández (Tomiño)
- *Outear*, IES Poeta Añón (Outes)

9.ª convocatoria:

- *Lavadores. Pasado e presente da nosa parroquia*, CEIP O Pombal (Vigo)
- *A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda*, IES Pintor Colmeiro (Silleda).

10.ª convocatoria:

- *Vedr@ medra, unha aposta polo patrimonio inmaterial como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego*, CPI Plurilingüe, Vedra
- *Figuras de antonte e de onte. Figuras para o mañá*, IES A Pinguela, Monforte de Lemos.

11.ª convocatoria:

- *Pintando o patrimonio, definimos a nosa identidade*, CEIP Ana María Diéguez de Asados (Rianxo)
- *Iconografía sacra e profana no concello de Silleda*, CPR María Inmaculada de Silleda

12.ª convocatoria:

- *Ecoparloteo, froitos da terra*, CEIP Plurilingüe da Ramallosa (Teo)
- *Ao son da oralidade. O noso patrimonio. Da pedra á palabra. Da prehistoria ao século XXI*, IES do Milladoiro (Ames) e IES Marco do Camballón (Vila de Cruces).

14ª convocatoria:

- *Viva o entroido vivo! Lingua, festa e comunidade*, CEIP Lamas de Abade e Apóstolo Santiago de Santiago de Compostela e CEIP Pérez Viondi da Estrada.
- *A sustentabilidade das artes de pesca a través do proceso de encascado de redes: o caso de Burela*, IES Monte Castelo de Burela

Información e envío de propostas:

Fundación Antonio Fraguas Fraguas – Museo do Pobo Galego

San Domingos de Bonaval, nº 3, 15703 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 583 620

correo electrónico: proxecto@fundacionfraguas.gal